

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*ORDE do 15 de xuño de 2012 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a concellos e mancomunidades de municipios enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.*

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle no seu artigo 4.2, en termos análogos a como o fai o artigo 9.2 da Constitución española, a obriga dos poderes públicos de Galicia de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impiden ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

O Decreto 109/2012, do 22 marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar dispón no seu artigo 34, número 1.d), que corresponden á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a dirección e xestión das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento dos instrumentos de planificación, de rexistro, da xestión dos órganos colexiados e todas aquelas actuacións en aplicación da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

A Consellería de Traballo e Benestar considera de máximo interese, por tanto, colaborar na promoción de actividades no ámbito do voluntariado; actuacións que necesariamente deberán influír no desenvolvemento comunitario.

Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en concreto, no relativo aos principios de concorrencia, publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación na concesión das axudas, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais de Galicia.

Finalmente, nesta orde inclúense medidas tendentes a garantir o cumprimento das disposicións previstas nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de

xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, no relativo á publicación das axudas concedidas.

Na súa virtude, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, a Lei 2/2007, de 28 de marzo e a Lei 12/2007, do 27 de xullo,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas que se rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a concellos e mancomunidades de municipios enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil, desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2012. O dito programa consiste en incorporar ás entidades de acción voluntaria e aos concellos e mancomunidades de municipios inscritos no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia a mozas/os galegas/os para a súa colaboración como voluntarias/os na realización dos proxectos de voluntariado que se presenten ao abeiro desta convocatoria e dentro das áreas prioritarias ás que se refire o parágrafo 3 deste artigo.

2. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

3. Serán subvencionables os proxectos de acción voluntaria presentados por entidades de acción voluntaria e concellos e mancomunidades de municipios sempre que a dita acción voluntaria se desenvolva por mozas/os de idades comprendidas entre os 18 e 30 anos e que se realicen no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, nalgunha das seguintes áreas:

- Actividades relacionadas co Camiño de Santiago.
- Actividades de recuperación da cultura/arte/tradicións populares galegas.
- Actividades con colectivos en situación de risco.
- Actividades xuvenís.

– Actividades ambientais.

– Actividades relacionadas co Ano Europeo do Envellecemento Activo e da Solidariedade Interxeracional 2012.

– Actividades relacionadas coa igualdade de xénero.

4. Os proxectos de acción voluntaria subvencionables deberán ter unha duración comprendida entre 15 e 60 días. Por xornada diaria considerarase unha de 6 horas.

5. Os proxectos de acción voluntaria deberán contar cunha descrición exhaustiva conforme o anexo V, así como do número de persoas voluntarias coas que se conta para a súa realización e a participación destas no desenvolvemento dos proxectos.

6. Non se subvencionarán máis de 8 persoas voluntarias por proxecto, que deberán manter a súa acción voluntaria durante toda a duración deste. Ao finalizar os proxectos, as persoas voluntarias que participasen neles obterán da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado un certificado de educación non formal acreditativo da acción voluntaria desenvolvida.

### Artigo 2. *Beneficiarias/os*

As/os beneficiarias/os das axudas serán as entidades de acción voluntaria e os concellos e mancomunidades de municipios que realicen proxectos de voluntariado enmarcados no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil, desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2012, e que se desenvolvan dentro das áreas de actuación do Plan Galego de Acción Voluntaria 2011-2014.

No caso de que a solicitude sexa presentada por unha mancomunidade de municipios conxuntamente con todos ou algún dos concellos que forman parte dela, os ditos concellos non poderán presentar solicitude de subvención a título individual para o mesmo proxecto.

### Artigo 3. *Requisitos das/os beneficiarias/os*

1. Para poder ser beneficiarias/os destas axudas serán condicións imprescindibles:

– Que as entidades de acción voluntaria e os concellos e mancomunidades de municipios estean legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

– Ter sede permanente ou domicilio social en Galicia e desenvolver os programas subvencionables na Comunidade Autónoma galega a través de voluntarias ou voluntarios.

– Ter debidamente contratados todos os seguros de responsabilidade civil e de accidentes de todas as persoas voluntarias que participen no proxecto presentado, durante todo o tempo de execución deste.

2. Polo contrario, non poderán solicitar axudas aquelas entidades que estean incursas nalguna das circunstancias previstas no artigo 13 puntos 2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10, puntos 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As entidades deberán manter os requisitos exixidos durante todo o período de realización do programa subvencionado.

4. As entidades de acción voluntaria que soliciten axudas ao abeiro desta orde de convocatoria non poderán presentar outra solicitude para o mesmo proxecto ao abeiro da Orde do 15 de maio de 2012 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria para o fomento e a realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o 2012.

5. As persoas voluntarias que colaboren nos proxectos subvencionables non poden ser as mesmas que xa concorresen á mesma convocatoria de subvencións en anos anteriores.

#### Artigo 4. *Crédito total*

As axudas faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 12.07.312F.460.0, por un importe de cento trinta e nove mil oitocentos cincuenta euros (139.850 €), para concellos e mancomunidades de municipios, e con cargo á aplicación orzamentaria 12.07.312F.481.0, por un importe de setenta mil euros (70.000 €) para entidades de acción voluntaria, segundo o establecido na Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012.

#### Artigo 5. *Conceptos subvencionables*

1. Serán conceptos subvencionables os custos orixinados pola participación dos mozos e mozas voluntarios nos proxectos de acción voluntaria de acordo co artigo 7.g) e h) da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria (manutención, transporte e seguros).

2. Os gastos das persoas voluntarias derivados do desenvolvemento da súa acción voluntaria subvencionaranse á entidade a razón de 10 euros por voluntaria/o e día, dos que 8 euros diarios serán entregados pola entidade ás persoas voluntarias para cubrir os custos de desprazamento e manutención, mentres que os 2 euros restantes empregaraos a entidade para cubrir os seguros de accidentes e de responsabilidade civil das persoas voluntarias. Para xerar dereito ás ditas cantidades as persoas voluntarias deberán acreditar a súa colaboración voluntaria durante xornadas de 6 horas diarias, como mínimo. Se a xornada diaria é inferior ás 6 horas, sumaranse as horas diarias ata completar unha xornada de 6 horas.

#### Artigo 6. *Solicitudes, prazo de presentación e documentación*

1. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

As solicitudes deberán dirixirse á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e poden presentarse en formato papel, debidamente asinadas e seladas, xunto coa documentación preceptiva, a través de calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Así mesmo, tamén poderán presentarse en formato electrónico a través da sede da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.es>.

2. Se o expediente se remítise por correo, presentarase en sobre aberto para que a solicitude sexa datada e selada pola/o funcionaria/o de Correos antes de proceder á súa certificación.

3. As solicitudes cubertas segundo o modelo do anexo I presentaranse xunto coa seguinte documentación:

a) Copia do DNI do representante legal da entidade, no caso de que este non autorice expresamente a comprobación dos datos por medio do acceso telemático ao sistema de verificación de datos de identidade.

b) Copia do NIF da entidade.

c) Declaración responsable do representante legal da entidade (anexo II) que recolla o acordo do órgano que teña asumida a competencia en virtude da cal se solicita a subvención, así como o conxunto de todas as axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como os fondos propios que achega a entidade.

d) Proxecto, tal e como se recolle no anexo III. Admitirase un só proxecto por entidade. O proxecto irá acompañado dun calendario horario de execución e dunha relación nominal de todas as persoas voluntarias coas que se pretende executar este, así como dos correspondentes compromisos de colaboración das persoas voluntarias coas entidades.

e) No caso de concellos e mancomunidades de municipios, certificación do secretario sobre a existencia de crédito suficiente e adecuado para facer fronte ao financiamento que debe asumir este, así como certificación do secretario de ter remitido ao Consello de Contas de Galicia as contas do último exercicio da entidade local.

f) Declaración responsable de que a entidade está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

g) Certificación do secretario da entidade local, ou declaración do responsable legal da entidade de acción voluntaria, de que as pólizas dos seguros de responsabilidade civil e de accidentes, de todo o persoal voluntario, están en vigor durante todo o período subvencionable.

4. No caso de que algún dos documentos relacionados no punto a) e b) xa fose presentado na Administración, cando non transcorresen máis de 5 anos desde a finalización do procedemento ao que corresponda, quedará este exento de presentación, sempre que así se faga constar xunto co expediente para o que foi presentado.

5. Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a solicitude de subvención non reúne os requisitos exixidos nesta orde ou os demais previstos na lexislación aplicable, o interesado será requirido para que, no prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

### Artigo 7. *Instrución e resolución*

1. A Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación será o órgano competente para a instrución dos procedementos que se tramiten ao abeiro do disposto nesta orde.

2. Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, crearase unha comisión de valoración que estará composta polos seguintes membros:

Presidente: a/o xefa/o de Servizo de Voluntariado.

Secretaria/o: unha/un funcionaria/o da Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación a/o cal participará con voz pero sen voto.

Vogais: dúas/dous técnicas/os da Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación.

3. A dita comisión poderá solicitar tanta documentación considere precisa para unha mellor valoración e comprobación do proxecto.

4. Unha vez avaliadas as solicitudes segundo os criterios de valoración do artigo 8, a comisión de valoración emitirá un informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada para cada entidade. Do dito informe daráselle traslado ao órgano instrutor para que proceda a propor a denegación ou concesión das axudas, así como, neste último caso, a contía da axuda correspondente a cada entidade.

5. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que avaliar as solicitudes algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto nomee o director xeral de Xuventude e Voluntariado.

6. Para ter acceso á axuda é preciso obter un mínimo de 50 puntos na avaliación técnica dos proxectos. A concesión da axuda farase en réxime de concorrencia competitiva seguindo a orde de prelación pola puntuación obtida, ata esgotar o crédito dispoñible en cada caso. Unha vez distribuído e esgotado o crédito, aquelas solicitudes que non obtivesen axuda, aínda que teñan cincuenta ou máis puntos, entrarán nunha lista de reserva, por se algunha das concedidas renuncian.

7. En ningún caso a contía da axuda poderá superar os 4.800 €, que correspondería a un proxecto de 8 voluntarios colaborando un mínimo de 6 horas ao día por un total de 60 días.

### Artigo 8. *Criterios de valoración*

A valoración e selección das solicitudes serán realizadas pola comisión de valoración do artigo 7.

No devandito procedemento teranse en conta os seguintes criterios:

a) Coherencia xeral do proxecto (ata 35 puntos).

– Calidade técnica analizada a través da coherencia entre os obxectivos, programación, metodoloxía da intervención, adecuación de recursos e actividades aos obxectivos do proxecto e criterios de avaliación. Deberán acreditarse os resultados previstos, a oportunidade e o interese social do proxecto expresados nunha relación descritiva e clara de toda a secuencia do proxecto e de cada unha das actividades que se van desenvolver, así como o número de beneficiarias/os e voluntarias/os que van participan no proxecto.

– Información precisa e detallada de cada unha das actividades e contías que se deberán destinar a cada unha das accións debidamente desagregadas, así como descrición dos recursos propios da entidade.

– Secuencia lóxica da intervención: situación da que se parte e a onde se quere chegar detalladamente, información precisa dos recursos existentes e os necesarios, cos que se conta e os que terán que incrementar.

– Importancia da actuación en áreas de especial sensibilidade, de acordo coas necesidades reais da sociedade.

b) Viabilidade do proxecto e sustentabilidade da organización de voluntariado na Comunidade Autónoma galega prevendo, entre outras medidas, a inclusión nos seus proxectos da figura da/o responsable de voluntariado (ata 15 puntos).

c) Capacidade económica da entidade (ata 15 puntos):

– Se a entidade xestionou con anterioridade algún proxecto de igual ou superior contía ao que presenta.

– Achega financeira da entidade ao proxecto.

– Concorrenza doutras fontes de financiamento do programa de carácter privado.



d) Proxectos innovadores que introduzan novas prácticas no fomento de experiencias de solidariedade e voluntariado no ámbito educativo, cultural, empresarial, medios de comunicación, traballo en rede e promoción dos novos espazos de intervención para o voluntariado (ata 10 puntos).

e) Proxectos enmarcados nos plans Impulsa Ourense e Impulsa Lugo (ata 5 puntos).

f) Proxecto conxunto con outras entidades (ata 15 puntos).

g) Garantir o uso do galego na presentación do proxecto a esta Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación. Así mesmo, facer constar en lingua galega toda a publicidade, publicacións, información, internet, actos públicos, material que se cree e propaganda relativas á actividade subvencionada (ata 5 puntos).

#### Artigo 9. *Resolución*

1. No prazo máximo de quince días desde que o órgano instrutor formule a proposta de resolución, o director xeral de Xuventude e Voluntariado ditará a correspondente resolución motivada, que lles será comunicada aos interesados.

2. O director xeral de Xuventude e Voluntariado resolverá a concesión ou denegación das solicitudes presentadas por delegación da conselleira de Traballo e Benestar, que se considerarán ditadas polo órgano delegante.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

4. Se a resolución non fose notificada aos interesados no prazo o que se refire o punto anterior, poderá entenderse desestimada a solicitude de concesión da subvención por silencio administrativo.

5. Notificada a resolución polo órgano concedinte, a/o beneficiaria/o disporá dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada tal como dispón o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### Artigo 10. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de notificación da resolución, se esta é expresa, ou no de seis meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, se non o é.

### Artigo 11. *Xustificación da axuda concedida*

1. Unha vez notificada a resolución de concesión da axuda os beneficiarios procederán, antes do 20 de outubro de 2012, á xustificación da totalidade do proxecto avaliado pola comisión. Para isto, o beneficiario deberá presentar na Oficina de Rexistro Único e Información da Xunta de Galicia ou a través dalgunha das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, a seguinte documentación por duplicado:

1.1. Certificación expedida pola/o secretaria/o da entidade co visto e prace da/o representante legal (anexo IV), na que se farán constar:

- a) O orzamento total do proxecto segundo a solicitude (en cifras e letras).
- b) O importe da subvención concedida (en cifras e letras).
- c) Os fondos propios da entidade (en cifras e letras).

d) Declaración responsable de que a entidade está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

e) O conxunto de todas as axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

f) A relación de actividades realizadas de acordo co proxecto presentado.

g) O cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

1.2. Unha memoria descritiva das actividades realizadas de acordo co proxecto presentado.

2. No caso de concellos e mancomunidades de municipios, unha certificación expedida polo secretario da entidade co visto e prace do representante legal dos gastos totais realizados e efectivamente pagados para o cumprimento do proxecto subvencionable.

Para os efectos, e de acordo co artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.

Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

3. As entidades de acción voluntaria acreditarán a realización das actividades subvencionadas mediante a entrega, conforme o anexo V, das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa de acordo co artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como da documentación acreditativa do pagamento, mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario, segundo establece o artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do seguinte xeito:

– Respecto dos gastos de manutención e desprazamento que fosen satisfeitos directamente ás persoas voluntarias, as entidades de acción voluntaria deberán presentar copias

compulsadas dos recibos bancarios xustificativos do pagamento onde consten os datos da perceptora ou perceptor, o seu DNI e o concepto polo que se retribúe.

– Respecto dos seguros, as entidades de acción voluntaria deberán presentar copias compulsadas dos xustificantes bancarios de pagamento das pólizas de seguros de accidentes e responsabilidade civil das persoas voluntarias participantes no proxecto de voluntariado.

4. Os órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar poderán solicitar as aclaracións ou informes dos medios de xustificación que consideren oportunos. No caso de que a/o beneficiaria/o non os remitise dentro do prazo que se sinale, entenderase que renuncia á axuda.

#### Artigo 12. *Concorrenza de subvencións públicas e modificación da resolución*

1. O importe das axudas e subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas e subvencións, supere o custo do proxecto subvencionable.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

#### Artigo 13. *Pagamento da axuda*

O pagamento da subvención realizarase unha vez comprobada polo órgano concedente a xustificación presentada polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o cal se concedeu, e o cumprimento dos demais requisitos fixados na normativa reguladora da subvención. No caso de que o gasto xustificado sexa inferior ao orzamento total do proxecto presentado coa solicitude, a contía da axuda será minorada na mesma porcentaxe, de acordo co artigo 60 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Non obstante, poderán realizarse pagamentos á conta que supoñan a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e que se aboarán por contía equivalente á xustificación presentada e ata o máximo do 50% da subvención concedida.

O pagamento restante terá lugar no momento da completa xustificación por parte do beneficiario da finalidade e demais condicións para as que se lle outorgou a subvención. De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades de acción voluntaria e os concellos e mancomunidades de municipios quedan exonerados da constitución da garantía a que se refire o artigo 62.3 da mesma norma.

#### Artigo 14. *Pagamentos anticipados*

1. Poderán realizarse pagamentos anticipados que supoñan entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ata un máximo do 80% da subvención concedida. De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades de acción voluntaria e os concellos e mancomunidades de municipios quedan exonerados da constitución da garantía a que se refire o artigo 62.3 da mesma norma.

2. O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se fose o caso, se concedesen, non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas.

#### Artigo 15. *Obrigas das entidades beneficiarias*

As entidades de acción voluntaria que reciban a subvención deberán cumprir as obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1. En particular, son obrigas das entidades beneficiarias das axudas:

a) Cumprir a totalidade do proxecto de voluntariado que fundamenta a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións que determinaron a concesión da subvención así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

c) Estar sometidos ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano concedente así como calquera outra actuación que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios.

d) Comunicar ao órgano concedente a solicitude e/ou a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados co fin de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos proxectos. Así mesmo, facer constar na publicidade e difusión que se xere, e en todos aqueles soportes informativos e publicacións que se realicen, que as actividades foron subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, as entidades deberán comunicar por escrito certificado, no prazo de 20 días antes da súa realización, calquera actividade coa publicidade escrita, á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

#### Artigo 16. *Fiscalización e control*

A concesión das axudas e subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, relativo ao control financeiro de subvencións, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas.

#### Artigo 17. *Reintegro das axudas ou subvencións*

Procederá o reintegro total ou parcial da subvención e dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento ata a data en que se acorde a procedencia de tal reintegro nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

– Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

– Incumprimento total ou parcial do proxecto obxecto de subvención.

– Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na presente orde.

– Incumprimento da obriga de adoptar medidas de difusión.

– Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas na normativa vixente, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, ao cumprimento do obxectivo, á regularidade das actividades e á concorrencia doutras axudas.

– Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios cando derive a imposibilidade de conseguir o obxecto, sempre que afecten o modo en que se conseguen os obxectivos, ou cando do incumprimento derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos ou ao cumprimento do obxecto.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación levará aparellada a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

#### Artigo 18. *Publicidade*

1. Unha vez ultimada a concesión das axudas, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, a entidade beneficiaria, a contía e a finalidade da subvención, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Así mesmo, publicarase na páxina web da Xunta de Galicia e no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios da Xunta de Galicia a dita concesión indicando a relación de beneficiarios e o importe das axudas, ao abeiro do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

#### Disposición adicional primeira

Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Traballo e Benestar no director xeral de Xuventude e Voluntariado para desenvolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer o gasto, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

#### Disposición adicional segunda

Poderase acordar, segundo as dispoñibilidades orzamentarias do momento, o incremento do crédito inicial establecido nesta convocatoria, tramitando o oportuno expediente orzamentario de xeración, ampliación ou incorporación de crédito, de conformidade cos artigos 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O incremento de crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade deste como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. En todo caso, a concesión de axudas terá como límite a cantidade consignada na correspondente aplicación económica dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2012.

#### Disposición adicional terceira

Os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normas de aplicación.

#### Disposición adicional cuarta

Coa presentación da solicitude (anexo I) a/o beneficiaria/o dá a súa conformidade para que os datos facilitados para concesión da subvención figuren no Rexistro Público de Subvencións, coas excepcións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A relación de beneficiarios será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, na páxina web e no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios da Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

#### Disposición derradeira primeira

Facúltase o director xeral de Xuventude e Voluntariado para ditar cantas disposicións sexan precisas en relación con esta orde.

#### Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2012

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

ANEXO I

PROCEDIMENTO <b>SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES DE ACCIÓN VOLUNTARIA E A CONCELLOS E MANCOMUNIDADES DE MUNICIPIOS ENMARCADAS NO PROGRAMA SERVIZO DE VOLUNTARIADO XUVENIL 2012</b>		CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>BS320A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
<b>DATOS DA ENTIDADE</b> NOME DA ENTIDADE SOLICITANTE <input type="text"/> SIGLAS (se as tivese) <input type="text"/> NIF <input type="text"/> ENDEREZO SOCIAL <input type="text"/> LOCALIDADE <input type="text"/> CÓDIGO POSTAL <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/> TELÉFONO <input type="text"/> FAX <input type="text"/> Nº REGISTRO ENTID. VOL. <input type="text"/> ENDEREZO ELECTRÓNICO <input type="text"/>			
<b>DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL</b> NOME <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> DNI <input type="text"/> CARGO NA ENTIDADE <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/>			
<b>DATOS DA PERSOA DE CONTACTO</b> NOME <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> DNI <input type="text"/> TELÉFONO <input type="text"/> FAX <input type="text"/> ENDEREZO ELECTRÓNICO <input type="text"/>			
<b>OUTROS DATOS</b> No caso de estar integrada nalgunha federación, plataforma sede ou entidade similar en materia de voluntariado indique o nome dela: <input type="text"/> O PROGRAMA QUE ACOMPAÑA ESTA SOLICITUDE (marcar unha aspa o que corresponda): <input type="radio"/> É propio <input type="radio"/> É en colaboración coa federación, plataforma, sede ou entidade similar da que forma parte <input type="radio"/> Outra situación (especificar): <input type="text"/>			
<b>DATOS BANCARIOS</b> NOME DA ENTIDADE <input type="text"/> NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS) <input type="text"/> ENDEREZO <input type="text"/> LOCALIDADE <input type="text"/> CÓDIGO POSTAL <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/>			
Dou expresamente o meu consentimento para a comprobación telemática do DNI segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos. <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON (No caso de non dar esta autorización debe anexar copia compulsada do DNI)			
<b>DECLARA QUE:</b> Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para que, de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.			
ORZAMENTO TOTAL (máximo ata 4.800 €) <input type="text"/>		ORZAMENTO SOLICITADO (igual ou menor a 4.800 €) <input type="text"/>	
<small>En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán ao ficheiro "Relacións administrativas coa cidadanía e entidades" recollido na Orde do 15 de decembro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter personal existentes na Consellería de Traballo e Benestar, para o seu tratamento e coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral Técnica desta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).</small>			
<b>LEXISLACIÓN APLICABLE</b> Orde do 15 de xuño de 2012 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a concellos e mancomunidades de municipios enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.			
<b>SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE</b>  Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>			

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.  
Consellería de Traballo e Benestar





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

**ANEXO I**  
(Continuación)

**DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA**

(Marcar cunha aspa a documentación que se achega con esta solicitude)

- Declaración responsable de que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.
- Declaración responsable de ter suscrito unha póliza de seguro de accidentes, que cubra a todo o persoal voluntario e teña vixencia durante todo o período de execución do proxecto subvencionable. Na etapa de xustificación da subvención, presentarase copia compulsada da póliza co seu correspondente xustificante bancario.
- Declaración responsable de ter suscrito unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra a todo o persoal voluntario e teña vixencia durante todo o período de execución do proxecto subvencionable. Na etapa de xustificación da subvención, presentarase copia compulsada da póliza co seu correspondente xustificante bancario.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

## ANEXO II

Don/Dona , con DNI   
representante legal da entidade   
con domicilio en  e con NIF

**DECLARA:**

1. Que  <sup>1</sup>, da dita entidade, en reunión que tivo lugar o día  acordou solicitar a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia unha subvención para a realización do proxecto  <sup>2</sup> correspondente ao ano 2012.

2. Que en relación á Orde do 15 de xuño de 2012 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas as entidades de acción voluntaria e a concellos e mancomunidades de municipios enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil 2012, o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para este proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais o internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta orde así como os fondos propios da entidade, son os que se describen a continuación:

ENTIDADE QUE CONCEDE	CANTIDADE SOLICITADA	CANTIDADE CONCEDIDA
FONDOS PROPIOS		CANTIDADE ACHEGADA

Non percibimos ningunha outra axuda.

<sup>1</sup> Deberá indicarse o órgano (xunta directiva, asamblea, etc) que segundo os estatutos da entidade é o competente para acordar a solicitude da subvención.

<sup>2</sup> Denominación do proxecto.

**SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE**

Lugar e data

,  de  de



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

## ANEXO III

## DATOS XERAIS DO PROGRAMA

**ÁREA EN QUE SOLICITA**

- |  |  |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> Camiño de Santiago                  | <input type="checkbox"/> Cultura / Arte / Tradicións populares galegas |
| <input type="checkbox"/> Colectivos en situación de risco    | <input type="checkbox"/> Xuvenís                                       |
| <input type="checkbox"/> Ano Europeo do Envelleemento Activo | <input type="checkbox"/> Ambientais                                    |

 SUBVENCIÓN SOLICITADA Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR  €

**PROXECTO** (máximo 4 páxinas)

- Denominación/nome.
- Obxectivos.
- Identificación dos problemas/necesidades que se pretenden abordar con este proxecto de voluntariado.
- Data de inicio e remate (mínimo 15 días e máximo 2 meses).
- Se o proxecto é conxunto entre varias entidades, parte executada por cada unha delas.
- Número de beneficiarias/os e voluntarias/os que participan no proxecto (máximo de 8 voluntarios)
- Orzamento total e se é conxunto con outras entidades, cantidade que chega cada entidade ao proxecto. (máximo de 4.800 €)

**ACTIVIDADE/S** (máximo 4 páxinas por actividade).

- Descrición individual de cada unha delas (que, como e onde).
- Obxectivos.
- Responsable da execución.
- Calendario e datas de inicio e finalización.
- Recursos humanos (remunerados e voluntarios). Cun máximo de 8 voluntarios.
- Materiais propios e alleos.
- Se a actividade é conxunta entre varias entidades, parte executada por cada unha delas.
- Orzamento total e se é conxunto con outras entidades, cantidade que chega cada entidade á actividade. (máximo de 4.800 €)

**SECTORES DA POBOACIÓN OS QUE VAI DIRIXIDO O PROXECTO**

- |  |   |   |  |                                   |   |
|--|---|---|--|-----------------------------------|---|
| <input type="checkbox"/> MAIORES                               | <input type="checkbox"/> DISCAPACIDADE                | <input type="checkbox"/> MOCIDADE         | <input type="checkbox"/> DROGODEPENDENCIAS | <input type="checkbox"/> MULLERES | <input type="checkbox"/> INFANCIA E FAMILIA |
| <input type="checkbox"/> INMIGRANTES                           | <input type="checkbox"/> RECLUSAS/OS E EX-RECLUSAS/OS | <input type="checkbox"/> MINORÍAS ÉTNICAS | <input type="checkbox"/> COOPERACION       | <input type="checkbox"/> AMBIENTE |   |
| <input type="checkbox"/> ENFERMOS E ORGANIZACIÓNS DE AUTOAXUDA | <input type="checkbox"/> OUTRAS                       |   |  |                                   |   |

**VOLUNTARIOS QUE VAN EXECUTAR O PROXECTO**

Nº	PARTICIPOU NO PROGRAMA DO SVX DO 2011 (SI/NON)	NOME E APELIDOS	DNI

**FINANCIAMENTO DOS PROXECTOS**

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	€
OUTRAS CONSELLERÍAS	€
OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	€
OUTRAS ENTIDADES	€
FINANCIAMENTO PROPIO	€
OUTROS INGRESOS (ESPECIFICAR)	€
<b>TOTAL</b>	€

**PROXECTOS CONXUNTOS**

Se se trata dun proxecto realizado en colaboración con outras entidades:

ENTIDADE PARTICIPANTE	ACTIVIDADE DO PROXECTO	% PARTICIPACIÓN





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

ANEXO IV

Don/Dona , con DNI   
representante legal da entidade   
con domicilio en  e con NIF

**CERTIFICA:**

Que en relación coa Orde do 15 de xuño de 2012 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a concellos e mancomunidades de municipios enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil do ano 2012.

**PRIMEIRO:** o orzamento total do proxecto indicado na solicitude inicial é de  €

**SEGUNDO:** o importe total da subvención concedida ao abeiro desta orde pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado é a seguinte:

IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA:

IMPORTE EN CIFRAS  €.

IMPORTE EN LETRAS  EUROS.

**TERCEIRO:** os fondos propios achegados pola entidade para o mesmo proxecto son os seguintes  €

**CUARTO:** o conxunto de axudas solicitadas e/ou concedidas para o mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta orde, son os seguintes:

ENTIDADE QUE CONCEDE	CANTIDADE SOLICITADA €	CANTIDADE CONCEDIDA €

Non percibimos ningunha outra axuda.

**QUINTO:** os gastos totais realizados e efectivamente pagados  €.

**SEXTO:** a entidade desenvolveu as seguintes actividades co gasto que se refire segundo o proxecto presentado na solicitude da subvención indicada:

ACTIVIDADES:

**SÉTIMO:** o importe da subvención concedida, dos fondos propios achegados e das subvencións percibidas doutras entidades para o mesmo proxecto foron destinados á finalidade para a cal a subvención foi concedida.

Declaración responsable de que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

**SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE**

Lugar e data

,  de  de



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE TRABALLO  
 E BENESTAR

## ANEXO V

**RELACIÓN DE GASTOS DOS VOLUNTARIOS DO PROXECTO PARA O ANO 2012**

Nº VOL.	DÍAS DE ACTIVIDADE (programas de entre 15 e 60 días)	Nº DE HORAS (mínimo computaranse 6 h para xustificar unha xornada)	CANTIDADE / VOLUNTARIO / DÍA (10 € / día / voluntario)	CANTIDADE TOTAL
TOTAL				

**RELACIÓN DE XUSTIFICANTES DE GASTOS**  
 ADXUNTAR FACTURAS COMPULSADAS

Nº	DATA	Nº FACTURA	CONCEPTO DA FACTURA E ACTIVIDADE A QUE SE REFIRE	GASTO IMPUTABLE AO PROXECTO
			Seguro de accidentes dos voluntarios	
			Seguro de responsabilidade civil dos voluntarios	
			Manutención	
			Desprazamentos e transportes	
SUMA DE TOTAIS				

**SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE**

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--